



## PROBAS DE ACCESO 1º GRAO ELEMENTAL

### PROCEDIMENTO

<b>ACTIVIDADES PREPARATORIAS (grupos)</b>	CON CARÁCTER VOLUNTARIO. Estas actividades non son availables, aínda que si moi recomendables
<b>PROBA</b>	O alumnado será convocado en grupos, atendidos por profesorado do centro, para a realización dos exercicios ao longo dunha única xornada por aspirante.

Estará disponible na web un vídeo tutorial con exemplos prácticos similares aos da proba

### CONTIDOS/AVALIACIÓN

CONTIDOS	VALOR	DESCRIPCIÓN	AVALIACIÓN
Aptitude RÍTMICA	1/3	O exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes rítmicas a partir duns fragmentos rítmicos realizados con palmas, que o aspirante deberá repetir	<i>Valorarase a capacidade de concentración, a memoria auditiva e a exactitude na repetición rítmica.</i>
Aptitude AUDITIVA E VOCAL	1/3	O exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes melódicas a partir da escucha de pequenos fragmentos melódicos que o profesorado entoará, e que o aspirante deberá repetir	<i>Valorarase a capacidade de concentración, memoria auditiva, exactitude na afinación e a corrección na repetición melódica.</i>
Aptitude PSICOMOTRIZ	1/3	O exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices a partir da escucha e visualización de fragmentos de percusións corporais que o/a aspirante deberá repetir	<i>Valorarase a memoria visual e psicomotriz, a coordinación espazo-temporal, a imitación psicomotriz pasiva e activa, a coordinación dos membros superiores e inferiores, a lateralidade e a concordancia entre o ritmo sonoro e o xesto</i>

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PONDERADOS**

Ningún dos exercicios ten carácter eliminatorio, considerando tanto os aspectos sinalados no punto anterior individualmente como o conxunto da proba globalmente.

**PONDERACIÓN SEGUNDO IDADE**

Os exercicios terán una valoración sobre 100 puntos e, a maiores, sumarase por idade (anos cumplidos no presente ano natural) a seguinte puntuación:

<b>8 anos:</b> 20	<b>9 anos:</b> 15	<b>10 anos:</b> 10	<b>11 anos:</b> 5	<b>12 anos:</b> 3	<b>13 anos:</b> 1	<b>14 anos:</b> 0
----------------------	----------------------	-----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

A cualificación final, será o resultado do cálculo da seguinte fórmula matemática para ponderar a cualificación de 1 a 10 puntos.

Puntuación total x 10

CUALIFICACIÓN FINAL= -----

120

En caso de empate numérico, será elixido o/a alumno/a de menor idade

**ELECCIÓN DE ESPECIALIDADE**

Os aspirantes que superen a proba e non obteñan praza na especialidade instrumental solicitada no formulario de inscrición da proba, poderán elixir entre as vacantes que queden sen cubrir por orde de puntuación na reunión que se celebrará o día

29 de xuño ás 17:00h. No caso de elixir outra especialidade neste día, pérdece o dereito á especialidade solicitada inicialmente.

Se se renuncia a elección de vacante nese procedemento, quedarse en lista de espera do instrumento inicial.

A non asistencia á reunión implica quedar na lista de espera do instrumento solicitado inicialmente.

No mes de setembro, e despois de finalizado o prazo de matrícula para todo o alumnado ordinario, procederase a oferta das vacantes que poidan xurdir. Será comunicado aos interesados.



## PROCEDIMENTO PARA OPTAR ÁS PRAZAS DE RESERVA POR MINUSVALÍA

- Xunto co formulario de inscrición, débese indicar a condición de minusvalía.
- Cando se entregue na Secretaría do centro a documentación para formalizar a inscrición na proba, entregarase tamén a documentación suficiente que acredite tal situación.
- O centro adaptará o procedemento de realización da proba ás circunstancias dos/as candidatos/as na medida das posibilidades. En ningún caso se adaptarán os contidos dos exercicios a realizar, dado que a proba é única para todos os aspirantes.
- A solicitude de especialidade instrumental por parte do/a candidato/a queda supeditada á posibilidade do propio instrumento en función da súa situación. Para tal fin poderase nomear una comisión de admisión, formada por profesorado do centro, para valorar a elección instrumental.
- A reserva de prazas non superará o 10%, e as prazas que non sexan adxudicadas nesta quenda, pasarán a oferta de prazas xerais.

## NORMATIVA

Procedemento de admisión aprobado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o 23 de abril de 2013.

Procedemento para optar ás prazas de reserva por minusvalía aprobado polo Consello Escolar en reunión do 8 de maio de 2013.

Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

## LEXISLACIÓN

Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

## OBSERVACIÓNS

O alumnado do centro só pode acceder a outra especialidade nun curso diferente a 1º, e polo tanto, non poderá ningún alumno do centro concorrer ás probas de acceso de 1º GE.